


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

26-27 de novembro do 2022

I DE ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ n° 38 **Que veña Deus** á nosa terra

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza coa expresión dun desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Comezamos o tempo do Advento, que é un tempo para prepararnos para o encontro con Deus.

Este ano vai acompañarnos este taboleiro no que iremos amosando que queremos dar unha man para facer o camiño que nos leva do advento ao Nadal. Cada unha das vindeiras catro semanas iremos vendo como as nosas mans nos axudan para facer o camiño que leva ao Nadal.

É un camiñar de igrexa coa esperanza na chegada do Neno Xesús.

Se miramos cara atrás dámonos conta de moitos erros na nosa vida, por iso agora queremos mirar cara adiante e prepararnos para atopar a ese Deus na nosa vida.

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a: *A coroa do advento vai marcar nas vindeiras semanas o ritmo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos ir atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

CANTO 🎵 *Que veña a luz ...*

Alguén se achega á coroa do advento

Hoxe queremos luz, a luz dos que se esforzan e están atentos á hora de facer comunidade nos Cotos, a luz dos que queren medrar á hora de ser unha familia, a luz dos que se poñen en pé á hora de botar unha man na casa, na escola, na catequese, no traballo, nas celebracións do domingo, e en tantas e tantas cousas.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 *Que medre a luz ...*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos esta primeira parte da celebración presentando a Deus as nosas preocupacións e hoxe pedimos dun xeito especial polas mulleres vítimas da violencia de xénero.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, concédenos a todos nós, a vontade de camiñar ao encontro do Xesús, que está para vir, para que merezamos ser chamados a entrar no teu Reino. Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Hoxe estreamos o leccionario que nos vai acompañar todas as semanas durante un ano. Nel imos atoparnos cun Deus que se nos achega e nos fala ao oído e ao corazón. A súa Palabra precisa de que esteamos sempre atentos.*

Na primeira lectura que hoxe imos proclamar se di: “é hora de espertar”, polo tanto é tempo de poñernos mans á obra.

No evanxeo Xesús di: “estade preparados”, polo tanto queremos que as nosas mans nos axuden a facer camiño. Escoitémolos nós tamén.

No Leccionario I A páx 3 Rom 13, 11-14 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS ROMANOS

Irmáns e irmás:

Sabendo o intre no que vivimos, xa é hora de que espertedes do sono, pois agora a salvación xa está mais cerca de nós que cando empezamos a crer. A noite vai andada, e o día está a chegar: rexeitemos as obras das tebras e vistamos as armas da luz. Como en pleno día camiñemos decentemente, nada de lupanadas nin borracheiras, nada de obscenidades nin libertinaxe, nada de liortas nin envexas. En lugar diso vestídevos do Señor Xesús Cristo.

Palabra do Señor

🎵 n° 7 *Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) *No Leccio I A páx 5* Mt 24, 37-44 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

Coma nos tempos de Noé, así pasará cando veña o Fillo do Home. Antes do diluvio comían, bebían e casaban ata o día que Noé entrou na arca; e de nada se decataron ata que veu o diluvio, e os enguliu a todos. O mesmo pasará cando veña o Fillo do Home. Entón estarán dous homes no agro; levarán a un e deixarán ao outro. Estarán dúas mulleres moendo no muíño, levarán unha e deixarán a outra.

Vixiade, porque non sabedes nada do día no que virá o voso Señor. Entendédeo ben: se soubese o dono da casa a que hora vai chegar o ladrón, estaría á espreita e non permitiría que lle asaltasen a casa. Así tamén: estade vós preparados, porque na hora menos pensada preséntase o Fillo do Home.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón


ESTAR VIXIANTES, ESTAR ATENT@S



Este camiño de advento que hoxe iniciamos convidanos a poñer as mans cos nosos feitos para poder facelo realidade achegándonos ao NADAL.

* O que agora imos facer é descubrir que man e que camiño se espera de nós nesta primeira semana do advento. (arrincamos a man do 1º do advento e enganchámola na pinza).

É camiño ao Nadal **ESTAR VIXIANTES, ESTAR ATENT@S**



(arrincamos as pegatinas do camiño que leva ao Nadal)

Coa nosa man temos que estar atentos para ofrecela alí onde se necesita. A nosa man hoxe é necesaria para amosar que vale a pena mirar polos demais.

Non podemos contentarnos con mirar só por nós mesmos, temos que estar atentos aos demais.

Estamos vixiantes e atentos cando non calamos a violencia de xénero.

Estamos vixiantes e atentos cando nos preocupa o rural.

Estamos vixiantes e atentos cando poñemos medios para reciclar, reutilizar e reducir o consumo de plástico.

Estamos vixiantes e atentos cando poñemos medios para que haxa catequese de nenos, mozos, pais de bautismo, e parellas que queren casar.

Estamos vixiantes e atentos cando nos esforzamos por participar da fe, xa sexa nas eucaristías ou nas celebracións da palabra.

É camiño ao Nadal **ESTAR VIXIANTES, ESTAR ATENT@S**

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que ven ao noso encontro, queremos hoxe facelo mellor coas nosas mans para camiñar cara o Nadal estando atentos e vixiantes a canto pasa ao noso arredor. Dicimos:

♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe**

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai

que nos enche do seu amor cando quere que o seu Fillo comparta a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós convidándonos a atender aos demais no camiño da tenrura?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que alenta a abrir os ollos e dar unha man acollendo a quen todo o mundo deixa de lado por pensar, vivir ou crer diferente?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que queremos facer nestas semanas o camiño que nos leva do advento ao Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus, quen espera nel non queda defraudado. Oremos dicindo:*

Queremos estar atentos, Señor

Monitor/a

✓ Por nós e por quen comparte a nosa esperanza, para que cando o Señor veña, atope nas nosas mans fogar acolledor. Oremos

✓ Polos gobernos: para que, coas súas mans procuren o ben común, defendan os dereitos de toda a xente, e axuden a erguer as vidas máis esquecidas. Oremos

✓ Polas xentes que teñen mermadas as condicións de dignidade da súa vida, para que cheguen a atopar á súa beira a man do Señor que se achega a todos. Oremos

✓ Polas nosas comunidades parroquiais, para que camiñemos cara o Nadal coas mans abertas da paz. Oremos

✓ Polas persoas que se cren que o único que importa é o seu, e pechan as mans cando fai falla un compartir solidario. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Pai, a túa misericordia e dános a túa salvación en Cristo, dando unha man para facer o camiño que vai do advento ao Nadal con El que vive e reina por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está na muller que espera paz e non violencia; está en quen sementa caridade e non egoísmo; está en quen coida de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dar a nosa man. Recemos confiados:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas falan de estar atentos, falan de ofrecer o mellor aos demais, falan de estar vixiantes coas vidas esquecidas. Que o Deus da paz nos alente a facer o camiño ao Nadal.*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, é o sabernos vixiantes e atentos para facerlle un sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai,
queremos que frutifique en nós esta celebración
pois Ti vasnos ensinando xa nesta vida
a descubrimos o valor dos bens eternos
e a poñermos neles o noso corazón.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas
por sempre eternamente. Amén

*A nosa celebración de advento é esperanza naquel que
ven ao noso encontro.*

*A nosa celebración de advento é dar unha man, a nosa,
para compartir a fe cos nosos irmáns facendo camiño.*

*A nosa celebración ten que ser tamén unha man para
vivir como verdadeiros cristiáns no medio da nosa
sociedade. Por iso cada quen pode levar a man de hoxe*

ESTAR VIXIANTES, ESTAR ATENT@S

(Repartimos as mans para levalas para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



*A man que hoxe se espera de nós
para facer o camiño ao Nadal*